

ACTA Nº1 DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DUN DOCENTE DO “PROGRAMA DE EMPREGO XUVENTUDE I”

SESIÓN DO 25/09/2024

Asistentes:

Presidenta: María Mariño Poza

Secretario: Martín Blanco Buceta

Vogal 1: Luis Miguel Domínguez García

Vogal 2: M^a Belén Ordóñez Martínez

No Concello de Boiro, sendo as 12:30 horas do 25/09/2024, reúnen-se os membros do tribunal designado para a selección dun docente para o “Programa de Emprego Xuventude I”.

O anuncio e bases da convocatoria foron publicadas no BOP da Coruña número 174 de data de 10/09/2024, na páxina web do concello www.boiro.gal, así coma no taboleiro correspondente do Servizo público de emprego.

O obxecto desta sesión é a valoración do currículo das persoas aspirantes, propoñer a puntuación final e establecer o prazo de presentación de alegacións á baremación.

1.- VALORACIÓN DO CURRÍCULUM.

Os membros do tribunal queren facer constan que, con carácter xeral se aprecian erros na autobaremación presentada polas persoas aspirantes nos seguintes epígrafes:

1) Titulacións complementarias: Valorarase posuír unha titulación académica distinta á mínima esixida para participar no proceso selectivo sempre que a complemente ou estea relacionada coas funcións a desenvolver.

2) Experiencia profesional: valorarase experiencia profesional en postos similares, isto é docencia para a formación profesional.

3) Cursos realizados: só se valorarán **cursos** cunha duración mínima de 20 horas lectivas debidamente acreditados e homologados, relacionados coas materias obxecto da convocatoria, impartidos polas administracións públicas, universidades públicas e/ou sindicatos dentro dos plans de formación para o emprego.

4) Estar en posesión do **certificado profesional de habilitación para a docencia** sen prexuízo do previsto no artigo 168.1.c) do RD 659/2023, polo que a formación que habilita a docencia, se non se aporta este certificado profesional, enténdense coma requisito, polo que non procede a súa valoración.

5) Coñecemento da lingua galega: o CELGA 4 é un requisito, polo que non é obxecto de valoración.

Tendo en conta as bases que rexen este proceso selectivo e a documentación presentada polas persoas aspirantes, o tribunal acorda por unanimidade outorga-las seguintes puntuacións segundo se detalla a continuación:

NOME	TIT. COMPL	EXP. OBRAD	EXP. SIMILAR	CURSOS	TOTAL
FERNANDO J. LOPEZ GONZALEZ	0	0	0	0,60	0,60



IVAN FIGUEIRA CASTAÑO	0	0	0	0,20	0,20
JOSE MANUEL VALIÑAS PATIÑO	0	0	0	0	0

2.- Puntuación Final.

Procede establecer as puntuacións finais das persoas candidatas participantes neste proceso selectivo. Ditas puntuacións virán dadas pola suma dos puntos acadados na fase de entrevista e na valoración do currículum e determinarán a orde de prelación, constituíndo a proposta de contratación:

NOME	PUNTOS CURRÍCULUM	PUNTOS ENTREVISTA	TOTAL PUNTOS
FERNANDO JESUS LOPEZ GONZALEZ	0,60	6,5	7,10
IVAN FIGUEIRA CASTAÑO	0,20	4	4,20
JOSE MANUEL VALIÑAS PATIÑO	0	4,5	4,50

3.- PRAZO DE ALEGACIONES:

As persoas aspirantes disporán dun prazo de dous (2) días naturais, contados desde o seguinte ó da publicación da antedita listaxe na páxina web do Concello de Boiro para presentar as reclamacións e emendas que estimen oportunas en relación coa baremación.

E non sendo máis os asuntos que tratar, dase por rematada a sesión cando son as 12:45 horas do día da data, do que eu, secretaria do tribunal dou fe.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

María Mariño Poza

Martín Blanco Buceta

Luis Miguel Domínguez García

M^a Belén Ordóñez Martinez

